

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 04.07.2018 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 4 de xullo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 23515 (10/POC-005169)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre o funcionamento do centro de día e dunha unidade de alzhéimer en Mondoñedo
- 1.2 26908 (10/POC-005170)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas ao pechamento definitivo do servizo de internado do Centro de Educación Especial Terra de Ferrol e a privatización da súa xestión, as medidas que van adoptar as consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Política Social para garantir o seu mantemento, así como a demanda de prazas de internado nese tipo de centros existente en cada provincia galega
- 1.3 27388 (10/POC-004433)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre o grao de influencia que pretende a Consellería de Sanidade na actualización da normativa vixente sobre o xogo en Galicia, a súa opinión referida ás accións que se deben considerar na vindeira lei e aos criterios pedagóxicos que debe fomentar para mellorar a prevención de condutas adictivas, así como a súa valoración respecto da atención asistencial posta á disposición das persoas afectadas por trastornos derivados do xogo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 277, do 15.03.2018
- 1.4 27783 (10/POC-004482)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia e as demandas que vai realizar ao Goberno central respecto das axudas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo denegadas pola Secretaría de Estado de Educación, FP e Universidades para o ano 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018
- 1.5 30379 (10/POC-004820)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación co suposto incumprimento por parte da empresa adxudicataria do prego de condicións para a adxudicación do servizo de mantemento do equipamento de electromedicina da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, o seguimento que está a levar a cabo o Sergas e os datos e as medidas previstas pola Consellería de Sanidade ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 302, do 09.05.2018

- 1.6 31041 (10/POC-004903)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as razóns do Goberno galego para reducir o número de prazas de enfermaría no centro de saúde de Toén, o seu impacto na atención aos pacientes e as súas previsións respecto da reposición da praza amortizada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018
- 1.7 31812 (10/POC-005013)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre o balance da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento da Estratexia do autónomo 2020 durante o ano 2017 e as novidades que hai para o ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018
- 1.8 32088 (10/POC-005055)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a opinión do Goberno galego referida ao cumprimento na actualidade da normativa vixente en materia de incompatibilidades en relación co persoal sanitario do Sergas, así como as súas previsións relativas ao desenvolvemento dalgunha medida ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018
- 1.9 32178 (10/POC-005061)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a dotación polo Goberno galego, de xeito urxente, ao Centro de Saúde de Tui do persoal sanitario necesario para prestarlles atención psicolóxica ás persoas afectadas pola catástrofe de Paramo, en especial as persoas maiores e os nenos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018
- 1.10 32380 (10/POC-005087)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis
Sobre as medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para o
desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a
non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais
en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 23515(10/POC-005169)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre o funcionamento do centro de día e dunha unidade de alzhéimer en Mondoñedo

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e **Luís Villares Naveira**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, sobre o Centro de Día de Mondoñedo.

O 3 de abril de 2017 abriuse o Centro de Día para Persoas Maiores San Rafael, en Mondoñedo, rexentado pola “Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla la Mancha y Galicia” (que rexenta así mesmo o Asilo) con 32 prazas autorizadas, ningunha financiada pola Xunta.

Para a dotación deste centro, segundo o Goberno local, a Xunta achegou en 2016 uns 90.000 € para mobiliario e equipamento, encargándose a Fundación do Asilo de Anciáns de Mondoñedo da adecuación do edificio no que se ubica.

Nas eleccións de 2015, a candidata do PP á alcaldía de Mondoñedo, e actual Alcaldesa, prometeu unha unidade especializada de Alzheimer na vila.

Para a apertura do Centro de Día, de acordo coa normativa de Servizos Sociais galega, a entidade prestadora tivo que solicitar autorización previa, que **ten como finalidade** “a adecuación do proxecto técnico de construción ou reforma do inmovible á normativa específica que lle resulta aplicable, segundo a tipoloxía do centro que se pretenda crear, os servizos a prestar e as persoas destinatarias do mesmo.”

Ademais, a concesión desta autorización non exime á entidade titular de solicitar a **autorización de inicio de actividade** unha vez rematada a obra, pois “a apertura ou posta en funcionamento dun centro ou dun programa estará



condicionada á obtención da correspondente autorización de inicio de actividades”.

Cando unha obra remata e está en condicións de ser entregada, ha de expedirse un Certificado Final de Obra e este formará parte da acta de recepción.

O Centro de Día de Mondoñedo conta co nº de rexistro E6050C002 no RUEPSS.

A respecto do asilo, rexentado pola mesma asociación que o centro de día, o Plan de inspección de Servizos Sociais de Galicia do ano 2015 incluía a Residencia de Maiores San Rafael de Mondoñedo como un dos centros de maiores en funcionamento sen autorización, pendentes de regularizar. A data de 17/01/2018 este centro aínda non figura no RUEPSS, do que foi cancelada a inscrición en 2013.

O Concello de Mondoñedo contaba en 2016 con 1.323 persoas maiores de 65 anos, o 35,5% da poboación, e cunha taxa de envellecemento de 317,16 (DATOS: IGE), cunha tendencia regresiva. En cambio, non hai prazas públicas de centro de día ou residencia para a Terceira Idade.

Polo anteriormente exposto, a deputada e deputado que subscriben, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

1. Cando foi entregada a obra do Centro de Día de Mondoñedo?
2. Cando foi solicitada e concedida a autorización de inicio de actividade do Centro de Día de Mondoñedo?
3. Con cantos cartos e con cargo a que partida orzamentaria subvencionou a Xunta o mobiliario e equipamento do centro de día de Mondoñedo?
4. Ten previsto a Xunta poñer en funcionamento unha unidade de Alzheimer en Mondoñedo?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 18:06
Nº Rexistro: 23515
Data envío: 17/01/2018 18:06:14.772



5. Ten previsto a Xunta ter algunha praza financiada no Centro de Día de Mondoñedo?
6. Ten previsto a Xunta a creación de prazas públicas en residencias e centros de día no Concello de Mondoñedo?
7. Que previsións hai para a regularización da situación do asilo de Mondoñedo?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 17/01/2018 18:04:08

Luis Villares Naveira na data 17/01/2018 18:04:15

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 26908(10/POC-005170)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas ao pechamento definitivo do servizo de internado do Centro de Educación Especial Terra de Ferrol e a privatización da súa xestión, as medidas que van adoptar as consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Política Social para garantir o seu mantemento, así como a demanda de prazas de internado nese tipo de centros existente en cada provincia galega

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento desta Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Centro de Educación Especial Terra de Ferrol é un centro de referencia que acolle a alumnado con necesidades especiais que non é escolarizado en centros ordinarios. Entre os recursos cos que conta este centro, está o servizo de internado.

Os obxectivos do servizo de internado do CEE Terra de Ferrol, antes “Carmen Polo”, eran os seguintes:

- Traballar sobre diferentes aspectos referentes á vida diaria.
- Atender ás familias dos alumnos/as internos/as.
- Atender ás familias nas súas problemáticas que presentan cara a estancia dos alumnos/as no Centro.
- Programar e supervisar as diferentes actividades dentro e fora do Centro, diarias e de fin de semana.
- Programacións das Rutas e saídas semanais dos alumnos/as ás súas casas coa colaboración dos profesionais correspondentes.

En setembro de 2017, no inicio do curso escolar do Centro de Educación Especial Terra de Ferrol, a Consellería de Educación informa que non está



disposta a seguir asumindo o custo dos internado en fins de semana e festivos, por non ser competencia desta Consellería (entendemos que se refire a que o sería da de Política Social).

Así, estes días o internado péchase e trasládase aos e ás menores residentes a outros centros da provincia.

Por outra parte, redúcese drasticamente o número de alumnado interno, non habendo altas nesta modalidade no presente curso escolar. Ademais, menores tutelados pola Xunta son trasladados a outros centros.

En decembro de 2017 iniciáronse obras de remodelación e mellora, nun proceso similar ao que sucedeu en 2010, cando logo dunha remodelación se privatizou a xestión da Residencia de Persoas Discapacitadas Souto de Leixa, un centro destinado a persoas adultas.

Na actualidade, o internado do CEE Terra de Ferrol conta só con 11 residentes, cando en 2015 eran 24 e cando conta con 30 prazas.

O CEE Terra de Ferrol ten case 70 efectivos de persoal.

A baixo rateo de alumnado interno apunta a que se prevé o peche do servizo de internado, coa consecuente perda de postos de traballo e a ameaza para outros servizos do CEE Terra.

A Dirección do CEE Terra de Ferrol informa de que non existe lista de agarda para o centro.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 11:14
Nº Rexistro: 26908
Data envío: 26/02/2018 11:14:00.519



- Ten previsto a Xunta pechar definitivamente o servizo de internado do CEE Terra de Ferrol?
- Ten previsto a Xunta privatizar a xestión do servizo de internado do CEE Terra de Ferrol?
- Non considera a Xunta axeitado manter o servizo de internado no CEE Terra de Ferrol?
- Cantos menores tutelados foron trasladados a outros centros de Ferrol?
- Que medidas van tomar as Consellerías de Política Social e de Educación para garantir o servizo de internado no CEE Terra de Ferrol?
- A que responden as obras acometidas na zona de internado do CEE Terra de Ferrol?
- Que demanda de prazas de internado en CEE para menores con necesidades educativas especiais hai en Galicia en cada provincia?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2018

Asdo.: Paula Vázquez Vero
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Vero na data 26/02/2018 11:12:32

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 27388(10/POC-004433)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o grao de influencia que pretende a Consellería de Sanidade na actualización da normativa vixente sobre o xogo en Galicia, a súa opinión referida ás accións que se deben considerar na vindeira lei e aos criterios pedagóxicos que debe fomentar para mellorar a prevención de condutas adictivas, así como a súa valoración respecto da atención asistencial posta á disposición das persoas afectadas por trastornos derivados do xogo

Publicación da iniciativa, 277, 15.03.2018



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Dende a Xunta de Galicia véñse afirmando recentemente a necesidade dunha reforma da lexislación referente ao xogo en Galicia, actualizando as normativas existentes (autonómica en 1985 e a estatal máis recente promovida en 2011 polo Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero). A existencia de novos formatos, como o xogo online, e a tolerancia social desenvolvida ao redor dun problema de gravidade que aínda non é percibido socialmente como tal, fan necesaria unha aposta decidida por regular o sector de forma rigorosa e por potenciar, de maneira específica, as vertentes referidas a promoción de xogo responsable, prevención de condutas aditivas e o plano asistencial para as persoas afectadas e/ou rehabilitadas.

Na actualidade, a asociación das cuestións do eido sanitario relativas ao xogo céntranse no aspecto asistencial, e de maneira máis tibia do que sería necesario. A importancia fundamental do sector tense en conta dende puntos de vista fiscal e tributario, pero non se atende correctamente por parte da administración as cuestións de prevención de condutas aditivas e asistenciais. Resulta necesario elevar a dotación orzamentaria dedicada a prevención e tratamento de condutas aditivas, non en tanto todas as suxestións que se veñen facendo vía emendas aos orzamentos da comunidade autónoma son sistematicamente rexeitadas pola maioría que sustenta ao goberno autonómico, impedindo que estas partidas puideran promover maior e mellor atención ás persoas afectadas.

No mesmo sentido, debera ser asumido que unha das cuestións máis importantes no tratamento do xogo dende a perspectiva de conduta aditiva está na tolerancia social existente, como así apunta o coñecemento existente froito da investigación e o traballo dos expertos.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estas ideas derivan na necesidade de afrontar unha perspectiva pedagóxica que hoxe en día non está a existir, e que debera ter especial incidencia nos colectivos máis mozos, pois a idade de inicio de condutas de xogo está a diminuír preocupantemente. Na actualidade, recentes estudos sinalan como franxa de idade de maior condutas ao redor do xogo en torno ao grupo de 18 a 25 anos, cando hai apenas 5 anos se situaba na franxa dos 35 aos 40 anos. A irrupción do xogo online, a aparición de maiores medios e plataformas, tanto virtuais como online, a facilidade de acceso non controlado e outras cuestións relativas ao baixo control existente favorecen que o problema actual teña unha gravidade elevada e crecente.

Dadas estas cuestións, todo apunta á necesidade de focalizar maior atención e compromiso nas políticas de prevención de condutas aditivas en torno ao xogo e asistencia sobre xogo patolóxico, cuestións que ademais deberan ser especificamente atendidas coa importancia que se merecen nas vindeiras modificacións legais correspondentes.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En que medida pretende a Consellería de Sanidade influír na actualización da normativa existente sobre o xogo en Galicia?
2. Que accións ou ideas considera a Consellería de Sanidade que deben ser tidas en conta na vindeira lei sobre xogo de Galicia?
3. Que aspectos pedagóxicos cree a Consellería de Sanidade que debe fomentar para mellorar a prevención en condutas aditivas relacionadas con xogo patolóxico?
4. Por que a Consellería de Sanidade valorou negativamente a inclusión de emendas aos orzamentos autonómicos que pretendían aumentar as partidas destinadas a tratamento de condutas aditivas?
5. Como valora a Consellería de Sanidade a atención asistencial a disposición das persoas afectadas por trastornos derivados do xogo?

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 16:30
Nº Registro: 27388
Data envío: 06/03/2018 16:23:09.996



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 06/03/2018 16:18:49

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/03/2018 16:18:55

Noela Blanco Rodríguez na data 06/03/2018 16:19:01

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 27783(10/POC-004482)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia e as demandas que vai realizar ao Goberno central respecto das axudas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo denegadas pola Secretaría de Estado de Educación, FP e Universidades para o ano 2017

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Vero e Luís Villares Naveira, deputada e deputado do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**.

Todas as crianzas con algún tipo de discapacidade, recoñecida ou non, deberan ter un acceso á educación nos centros ordinarios, con todos os medios que precisen, tal e como estableceu recentemente o Tribunal Supremo nunha sentenza do 14 de decembro de 2017, na que establece o dereito a recibir educación nun centro ordinario a unha crianza con trastorno do espectro autista.

A Secretaría de Estado de Educación, FP e Universidades, veu convocando anualmente axudas para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para os diferentes cursos, mediante resolución, a última delas do 3 do agosto de 2017, todo elo en relación coa Orde ECI/1815/2005, reguladora da concesión de becas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación e Ciencia.

Nelas sinala que as bolsas e axudas ao estudo constitúen un dos instrumentos que contribúen de xeito máis eficaz a facer posible o principio de igualdade de oportunidades. Co RD 726/2017 de modificación do réxime de bolsas e axudas ao estudo reflexa este compromiso para que ningunha persoa estudante teña que abandonar os estudos, inda a pesar do estricto marco de austeridade orzamentaria.

Estas axudas individualizadas diríxense a:



Artigo 1

a.- axudas directas para alumnado, inclúe TDAH que requiran determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.

b.- subsidios por necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade ou trastorno grave de conduta para as familias numerosas.

c.- axudas para programas específicos complementarios á educación regrada para persoas con altas capacidades.

Este grupo parlamentar constatou a través de familias galegas que son numerosas as denegacións das axudas directas baseadas no punto 1 a). Incluímos a seguir un listado das denegacións e das discapacidades sinalando con asterisco as que foron denegadas este ano pero que si obtiveran axuda noutras convocatorias.

A. Trastorno obsesivo compulsivo

A. Encopresis e conductas disruptivas graves *

F. Dificultades de aprendizaxe derivadas de unha situación de privación cultural, nai con grave enfermidade mental.*

N. Síndrome de Panayiotopoulos *

N. TDAH

N. TDAH e amnesia do desenvolvemento

E. Disalalias múltiples *

J. Dislexia



I. TDAH

Z. TDAH e dislexia *

X. TDAH *

A. TDAH

Na páxina do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte <https://www.mecd.gob.es/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/050140/ficha.html> sinala os requisitos para cada unha das axudas, sinalando tamén as formas de acreditación:

- Certificado dun equipo de valoración e orientación dun centro base do Instituto de Maiores e de Servizos Sociais ou órgano correspondente da comunidade autónoma.
- Certificado dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica ou do departamento de orientación dependentes de la administración educativa correspondente.
- Certificado de discapacidade.

Se require axuda para a reeducación pedagóxica ou da linguaxe ademais:

- Certificación expedida por o inspector da zona na que se acredite a necesidade de recibir estes tratamentos pola inexistencia ou insuficiencia da atención pedagóxica proporcionada polo centro no que está escolarizado o alumno solicitante e a inviabilidade de matriculación do alumno solicitante nun centro que dispoña do servizo de reeducación requirido.
- Informe específico do equipo de orientación educativa e psicopedagóxica ou do departamento de orientación no que se detalle a asistencia educativa e as horas semanais que se consideren necesarias para a súa corrección, así como, as



prestadas polo centro, a duración previsible da mesma e as condicións que garantan a súa prestación.

- Memoria expedida polo centro ou reeducadora que preste o servizo na que conste información detallada das características do mesmo, incluíndo número de horas semanais e especialista que o presta así como do custe mensual.

- Declaración responsable da persoa que imparta a reeducación pedagóxica ou da linguaxe, de que reúne os requisitos de formación establecidos na convocatoria.

As denegacións que se teñen producido vulneran as disposicións internacionais e estatais a respecto dos dereitos das persoas con diversidade funcional e, concretamente, as seguintes.

- A Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade das Nacións Unidas aprobado o 13 de decembro de 2006 e que entrou en vigor o 3 de maio de 2008 recolle no artigo 24.1 os Estados Partes recoñecen o dereito das persoas con discapacidade á educación. Con miras a facer efectivo este dereito sen discriminación e sobre a base da igualdade de oportunidades, os Estados parte asegurarán un sistema de educación inclusivo a todos os niveis así como a ensinanza ao longo da vida. Os Estados Partes deben velar por que as crianzas con discapacidade non queden excluídos da ensinanza primaria gratuíta e obrigatoria nin da ensinanza secundaria, que reciban o apoio necesario dentro do sistema xeral de educación para facilitar a súa formación efectiva e as medidas de apoio personalizadas e efectivas para aproveitar ao máximo o desenvolvemento académico e social.

- O artigo 26 da Carta dos Dereitos fundamentais da UE establece que a UE recoñece e respecta o dereito das persoas discapacitadas a beneficiarse das medidas que garantan a súa autonomía, a integración social e profesional e a participar na vida da comunidade.



- O Artigo 9 da Constitución Española, no seu apartado segundo, sinala que corresponde aos poderes públicos a promoción das condicións para que a liberdade e a igualdade da persoa e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas e a remoción dos obstáculos que impidan ou dificulten a plenitude e a facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica cultural e social. Así mesmo, o artigo 14 da mesma CE sinala que as persoas son iguais ante a lei sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

- No artigo 27 da CE recóllese o dereito á educación, ao que todas as persoas teñen dereito. A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais. A ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta.

- O artigo 49 da CE sinala que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con diversidade funcional ás que prestarán atención especializada que requiran e ampararán especialmente para desfrutar dos dereitos que este Título outorga a toda a cidadanía.

- No Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 1.2, di “a Comunidade Autónoma, a través de institucións democráticas, asume como tarefa principal a defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses, e a promoción da solidariedade entre todos cantos integran o pobo galego. Así mesmo, segundo o EAG, correspóndelles ós poderes públicos de Galicia promove-las condicións



para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remove-los atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilita-la participación do tódolos galegos na vida política, económica, cultural e social.

- O Real Decreto legislativo 1/2013, que aproba o texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social ten por obxecto garantir o dereito á igualdade de oportunidades e de trato, así como o exercicio real e efectivo de dereitos por parte das persoas con discapacidade en igualdade de condicións respecto do resto da cidadanía a través da promoción da autonomía persoal, da accesibilidade universal, do acceso ao emprego, da inclusión na comunidade e a vida independente e da erradicación de toda forma de discriminación, conforme aos artigos 9.2, 10, 14 e 49 da CE e da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e os tratados e acordos internacionais ratificados por España.

Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Que opinión ten a Xunta a respecto das denegacións no ano 2017 de axudas para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo?
- 2.ª) Ten constancia a Xunta da magnitude do problema das familias con crianzas con necesidades de apoio educativo ás que se lle denegan este tipo de axudas?
- 3.ª) Ten constancia a Xunta se para estas axudas se está a esixir o grao de discapacidade recoñecido pola Xunta?
- 4.ª) Vai a Xunta dirixirse ao Goberno de España para que se revisen as denegacións de axudas para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 18:25
Nº Rexistro: 27783
Data envío: 12/03/2018 18:25:19.343



5.ª) Vai a Xunta dirixirse ao Goberno de España para que aumente a contía de ditas axudas?

6.ª) Vai a Xunta dirixirse ao Goberno de España para que aumente os recursos para a integración das persoas con diversidade funcional de acordo coa Estratexia Europea sobre Discapacidade 2010-2020?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 12/03/2018 18:22:24

Luis Villares Naveira na data 12/03/2018 18:22:33

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 30379(10/POC-004820)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación co suposto incumprimento por parte da empresa adxudicataria do prego de condicións para a adxudicación do servizo de mantemento do equipamento de electromedicina da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, o seguimento que está a levar a cabo o Sergas e os datos e as medidas previstas pola Consellería de Sanidade ao respecto

Publicación da iniciativa, 302, 09.05.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 30379
Data envío: 03/05/2018 14:00:32.214

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ao deficiente servizo prestado pola empresa adjudicataria do servizo de mantemento do servizo de electromedicina da EOXI do CHUS.

En xuño de 2013 a Xunta de Galiza adjudicoulle a Ibérica de Mantenimento S.A, o servizo de mantemento integral de equipamento electromédico e outro equipamento, por un período de tres anos e catro meses para as sete Áreas de Xestión Integradas do Sergas.

Con esta adjudicación a Xunta deu un paso máis no desmantelamento dun servizo público que funcionaba perfectamente, con custes reducidos, profesionais moi cualificados, con experiencia e unha calidade na asistencia inmejorable. Estas licitacións non teñen como obxectivo a mellora dos servizos nin o aforro económico, senón o afán do goberno do Partido Popular por privatizar a sanidade pública entregándoa a empresas privadas para facer negocio coa saúde dos cidadáns. Puxo en mans privadas o mantemento de todo tipo de aparataxe, incluídos servizos críticos e vitais como son quirófanos, ucis, urxencias, radiodiagnóstico, autoclaves, bombas de infusión, respiradores, incubadoras, ventosas fetais, monitores, detectores

de illamentos, esterilizadores, respiradores, mesas cirúrxicas, desfibriladores etc. Todo o aparataxe para diagnosticar e tratar aos doentes.

Desde a privatización do servizo de electromedicina foron reiteras as denuncias do deterioro, até límites de por en risco a asistencia sanitaria, da prestación do servizo que por parte da empresa concesionaria realizaba nos centros hospitalarios.

Unha vez rematado o contrato, en novembro de 2016, na vez de recuperar o servizo para que sexa prestado polo persoal propio do Sergas, dada a mala experiencia da licitación, o Sergas deixoulle liberdade ás xerencias das EOXIS para que foran estas as que contrataran o servizo.

Deste xeito a Estrutura organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela en abril de 2017 adjudicoulle o servizo de mantemento do equipamento de electromedicina a Telematic & Biomedical Services, S.L por un importe de 1.268.200,38 euros, por un período de 24 meses.

Segundo diversa información que nos foi facilitada, o funcionamento deste servizo privatizado é moi deficiente. Existe unha carencia de recursos tanto técnicos como humanos, incumprindo as condicións establecidas na licitación.

Estas carencias están supoñendo un grave prexuízo para prestar a asistencia sanitaria, poñendo en risco a saúde e incluso a vida das persoas.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Que actuacións ten realizado a Xunta de Galiza diante dos graves incumprimentos que está a realizar a empresa adxudicatária, Telematic & Biomedical Services, S.L, do mantemento do equipamento de electromedicina da EOXI de Santiago de Compostela?

-Está cumprindo a empresa o prego de condicións, establecidas pola dirección da EOXI, para adxudicarlle o servizo de mantemento do equipamento de electromedicina ?

-Desde a adxudicación do contrato que seguimento está a facer o Sergas do nivel de cumprimento do mesmo?

-A día de hoxe a empresa conta co número de persoas contratadas que se establecían no prego?

-Está a empresa a cumprir cos tempos de resposta establecidos?

-Ten constancia a Consellaría da realización de mantemento preventivo e substitución dos equipos?

-Diante da situación de incumprimento por parte de Telematic & Biomedical Services, S.L e do deterioro na prestación do servizo, que actuacións ten realizado ou vai realizar a Consellaría?

-Vai proceder a Consellaría de Sanidade à apertura de expediente sancionador polo incumprimento reiterado por esta empresa das condicións establecidas no prego de adxudicación e o conseqüente deterioro da calidade asistencial que se está a prestar?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 30379

Data envío: 03/05/2018 14:00:32.214

-Vai proceder ao rescate da adxudicación do contrato?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/05/2018 13:56:32

Ana Pontón Mondelo na data 03/05/2018 13:56:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/05/2018 13:56:38

Olalla Rodil Fernández na data 03/05/2018 13:56:39



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 30379

Data envío: 03/05/2018 14:00:32.214

Noa Presas Bergantiños na data 03/05/2018 13:56:40

Xosé Luis Bará Torres na data 03/05/2018 13:56:41

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 31041(10/POC-004903)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as razóns do Goberno galego para reducir o número de prazas de enfermaría no centro de saúde de Toén, o seu impacto na atención aos pacientes e as súas previsións respecto da reposición da praza amortizada

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Nestes últimos anos o Goberno galego está a reducir de persoal nos centros de atención primaria na nosa comunidade autónoma, a través da amortización de prazas, ou a non substitución de baixas por enfermidade.

No Centro de Saúde de Toén(Ourense) traballaban ata o de agora dous enfermeiros. Trala xubilación dun deles, a Xunta de Galicia decidiu que a partires do 14 de maio só preste este servizo unha persoa, amortizando a outra praza, o que xerará unha perda de calidade no servizo provocada por unha sobrecarga de traballo, e merma na atención aos pacientes polo xustifico número de citas, extracción para analíticas... e atención domiciliaria nun concello de 2.500 habitantes que conta cunha elevada dispersión de poboación.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que decidiu a Xunta de Galicia reducir o número de prazas de enfermería no Centro de Saúde de Toén (Ourense)?
2. Considera o Goberno galego que é suficiente para cubrir a demanda existente, que o Centro de Saúde de Toén (Ourense) conte a partir de agora só cun enfermeiro?
3. Que impacto cre o Goberno galego que terá esta medida na atención aos pacientes?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia restablecer o número de prazas de enfermería co que se contaba ata o de agora?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 10:21
Nº Rexistro: 31041
Data envío: 16/05/2018 10:21:33.936



 **Grupo Parlamentario**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/05/2018 10:15:59

Julio Torrado Quintela na data 16/05/2018 10:16:05

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 31812(10/POC-005013)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre o balance da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento da Estratexia do autónomo 2020 durante o ano 2017 e as novidades que hai para o ano 2018

Publicación da iniciativa, 319, 13.06.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31812
Data envío: 01/06/2018 14:05:42.001

A Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Grupo Popular ten demostrado ao longo dos últimos anos, que entende o emprendemento como un pilar fundamental do crecemento e da consolidación da recuperación económica que ven experimentando a nosa Comunidade.

Deste xeito, o Partido Popular adquiriu o compromiso nas últimas eleccións autonómicas de facilitar ás persoas traballadoras autónomas, todos os medios e ferramentas necesarias para o apoio, desenvolvemento e consolidación da súa actividade económica.

Por iso, o pasado ano puxo en marcha a Estratexia Autónomo 2020, como un conxunto de actuacións específicas en materia de financiamento, formación, titorización e acompañamento, especificamente dirixidos ao colectivo autónomo, con programas para a creación e mantemento do emprego, a extensión da tarifa que o Estado tiña establecida para os autónomos ata 2017; a contratación de persoas traballadoras, o apoio á conciliación laboral e familiar, a formación e capacitación gratuítas ou a prevención de riscos laborais; entre un total de 20 medidas.

Deste xeito, o Goberno galego ten o obxectivo de apoiar a 10.000 traballadores cada ano e converter Galicia no mellor territorio para emprender.

No documento presentado no seu día pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, sinalábanse tres prioridades: incorporar novas persoas ao emprego autónomo, consolidar o xa existente para garantir a súa viabilidade, e simplificar e axilizar a tramitación administrativa.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31812
Data envío: 01/06/2018 14:05:42.001**

Do mesmo xeito, para este ano 2018 anunciouse a continuidade das axudas que se impulsaron en 2017, así como da Oficina Virtual do Autónomo; ademais comprometeuse a creación de novos programas para fomentar o relevo xeracional e para facilitar unha segunda oportunidade có fin de apoiar o mantemento de negocios viables a través de novos autónomos ou a continuidade a través do reemprendemento.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que balance fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento da Estratexia do Autónomo durante 2017?
- 2.- Hai algunha novidade para este 2018?

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 01/06/2018 14:01:16

María Encarnación Amigo Díaz na data 01/06/2018 14:01:31

María Ángeles García Míguez na data 01/06/2018 14:01:37

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 01/06/2018 14:01:45

Marta Rodríguez Arias na data 01/06/2018 14:01:51

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 01/06/2018 14:02:00

María Soraya Salorio Porral na data 01/06/2018 14:02:11

Raquel Arias Rodríguez na data 01/06/2018 14:02:20

Sandra Vázquez Domínguez na data 01/06/2018 14:02:27

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 32088(10/POC-005055)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión do Goberno galego referida ao cumprimento na actualidade da normativa vixente en materia de incompatibilidades en relación co persoal sanitario do Sergas, así como as súas previsións relativas ao desenvolvemento dalgunha medida ao respecto

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**.

No noso ordenamento xurídico existen diferentes normas encargadas de regular o réxime de incompatibilidades no ámbito do sistema sanitario público.

Tanto a Lei de Sanidade 14/1986 como a Lei de Incompatibilidades do persoal ao servizo das administración públicas, Lei 53/1984, evidencian de xeito claro a especial incompatibilidade das actividades profesionais prestadas a persoas ás que se teña que atender no desempeño do posto público.

Con todo, na realidade non se está a dar cumprimento ao estipulado na lexislación, con especial atención aos postos directivos e de xefaturas de Servizo.

De feito, existen pliegos de contratación elaborados polo Servizo Galego de Saúde, que supoñen unha aplicación negligente da propia normativa.

A modo de exemplo, o anuncio do acordo marco para a privatización directa de servizos sanitarios na EOXI de Coruña, que compromete de xeito estrutural 100 millóns de euros durante catro anos para os hospitais privados, contén nos seus pliegos a prestación de servizos na privada por parte de persoal público do Servizo Galego de Saúde, cuestión que pon en evidencia o cumprimento do réxime de incompatibilidades no eido sanitario.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea PREGUNTA:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 11:58
Nº Rexistro: 32088
Data envío: 08/06/2018 11:58:26.798



- Considera a Xunta de Galicia que está a cumprirse a normativa en materia de incompatibilidades en relación ao persoal sanitario do SERGAS?
- Pensan levar a cabo algunha medida que garanta o cumprimento da normativa?

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 08/06/2018 11:54:18

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.9 32178(10/POC-005061)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a dotación polo Goberno galego, de xeito urxente, ao Centro de Saúde de Tui do persoal sanitario necesario para prestarlles atención psicolóxica ás persoas afectadas pola catástrofe de Paramo, en especial as persoas maiores e os nenos

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32178
Data envío: 08/06/2018 14:31:24.595

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á necesidade de dotar de profesionais ao centro de saúde de Tui para atención psicolóxica ás persoas afectadas pola explosión de Paramos en Tui.

Despois da traxedia ocorrida o pasado 23 de maio no lugar de Paramos no concello de Tui, coa explosión de material pirotécnico almacenado de xeito totalmente irregular, cumpre prestar á máxima atención ás persoas afectadas.

A atención debe cubrir aspectos materiais, físicos, sociais, mais tamén emocionais e psicolóxicos. Vemos como xa se están atendendo en maior ou menor medida os materiais, mais son estes últimos, os psicolóxicos, os que pasados xa os primeiros momentos de impacto, os que empezan a ser motivo de preocupación, e consideramos que é preciso dotar de recursos para atender este aspecto.

É preciso axudar a abordar a situación ás persoas que perderon as súas vivendas, os seus recordos, os seus vehículos, que o perderon todo, que quedaron co posto, que viven de prestado... Axudalas a recuperar o equilibrio roto pola situación que están vivindo, facilitar o control da situación, axudar a entendela, evitar secuelas.

A interrupción dun desastre desta magnitude de xeito súbito, intenso e traumático sobrepasa a capacidade propia de abordalo e superalo de moitas das persoas vítimas da traxedias, dun xeito especial as persoas maiores e @s nen@s. Toda vez que o



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32178

Data envío: 08/06/2018 14:31:24.595

centro de saúde de Tui con ten servizo de atención psicolóxica, faise imprescindible a dotación con persoal sanitario para esta atención ao mesmo de xeito urgente.

Polas razóns expostas fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:

Vai dotar de forma urgente ao centro de saúde de Tui con persoal sanitario para a atención psicolóxica ás persoas afectadas pola catástrofe de Paramos, en especial ás persoas maiores e @s nen@s?

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32178
Data envío: 08/06/2018 14:31:24.595

María Montserrat Prado Cores na data 08/06/2018 14:28:09

Ana Pontón Mondelo na data 08/06/2018 14:28:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/06/2018 14:28:17

Olalla Rodil Fernández na data 08/06/2018 14:28:18

Noa Presas Bergantiños na data 08/06/2018 14:28:20

Xosé Luis Bará Torres na data 08/06/2018 14:28:21

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 04.07.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.10 32380(10/POC-005087)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis

Sobre as medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para o desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018

Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Aurelio Núñez Centeno, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, María Ángeles García Míguez, Marta Rodríguez Arias e Soraya Salorio Porral, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5ª, Sanidade, Política social e Emprego.

Os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos.

A identidade de xénero e a orientación sexual son características propias da personalidade humana. Por tanto, o dereito para vivir libremente a propia orientación sexual ou identidade de xénero e a expresalas sen temor, se así se desexa, son dereitos humanos no máis pleno sentido da palabra.

A evolución da nosa sociedade esixe unha ampla resposta para abordar os retos que temos por diante en materia de integración e non discriminación do colectivo LGTBI, polo que as administracións públicas teñen que facer un esforzo por situarnos á vangarda da protección da igualdade efectiva de dereitos.

Así, o Parlamento de Galicia aprobou no pleno celebrado o 8 de abril de 2014, a Lei 2/2014 pola Igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais (LGTBI). Esta Lei publicouse no DOG o 25 de abril de 2014.

Galicia foi a primeira comunidade autónoma que contou cunha Lei que consolida o principio de igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI

Esta lei estrutúrase en dous títulos, nove capítulos, unha disposición adicional e tres disposicións derradeiras.

O título I establece as disposicións xerais para a actuación dos poderes públicos na defensa dos dereitos do colectivo LGTBI e na promoción da súa visibilidade.

O título II recolle as medidas que se deben adoptar nos ámbitos policial e da xustiza, laboral, familiar, da saúde, da educación, da cultura e do ocio, da xuventude e da comunicación para a promoción da igualdade, visibilidade e non discriminación do colectivo LGTBI.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 18:03
Nº Rexistro: 32380
Data envío: 13/06/2018 18:03:16.534

Dende a súa entrada en vigor, os distintos departamentos da Xunta de Galicia traballan na súa aplicación nos respectivos ámbitos competencias.

Por todo o anterior é polo que se pregunta:

Cales son as medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para o desenvolvemento da LEI 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 13/06/2018 17:58:00

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/06/2018 17:58:09

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/06/2018 17:58:16

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/06/2018 17:58:25

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/06/2018 17:58:31

Marta Rodriguez Arias na data 13/06/2018 17:59:16

María Soraya Salorio Porral na data 13/06/2018 17:59:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com